

Do Valadouro


Vivencias e tradicións populares



MANUEL ROSALES

O que baixo este título se ofrece forma parte da tradición dunha comarca. Son historias compiladas por Xesús Pisón, Manuel Lorenzo e Isaac Ferreira, tres autores vinculados -alén da súa dedicación ao teatro galego- por un mesmo lugar de nacemento, O Valadouro (provincia de Lugo), rico neste tipo de literatura popular. Unha literatura vehículo de vivencias e fabulacións, recibidas oralmente e por escrito por transmisores, depositarios e reelaboradores, que teñen como punto común o pertenceren ao contexto cultural desta diocese de Mondoñedo-Ferrol.

Baixo a denominación xeral de contos -unha catalogación difícil dado que as formas tradicionais non contan cunha fixación precisas- os autores incrementan con esta nova edición unha parte do seu patrimonio cultural. Os trescentos seis textos -informativos, chistes, lendas e contos propiamente ditos- comparten a forma natural dos relatos que proveñen dunha tradición oral e popular que se valora por ser cristalización



do pensar popular que conviu cos habitantes de Valadouro ao longo da historia e que agora sofre a ameaza da desaparición.

Os autores son só recompiladores destas historias que se foron xestando durante séculos. Este acompañamento histórico, a convivencia espacial e temporal entre a narración e a sociedade é o que vai configurando a tradición. O conto está vinculado co pobo, que se cría entre contos, escoitados desde a infancia e que lles contarán aos seus fillos. A tradición oral é a memoria viva desta e das diferentes comunidades e é esa tradición o punto de partida para desatar a maxia das palabras. Algunhas destas historias son un prodixio de imaxinación popular, imaxinación que non sempre é unha aberración da lóxica, senón un modo de expre-

sar as sensacións e as emocións máis primixenias da alma. En tanto, outras, tamén ricas en temas e formas, son mostras vivas da fidelidade con que a memoria colectiva conserva iso que damos en chamar sabeduría popular.

Os personaxes representan nestas historias figuras arquetípicas que simbolizan as virtudes e os defectos dos homes. Presentes están a vida e a morte desde diversas interpretacións e unha delas é o carácter tanto pagá como cristiá, da crenza en aparecidos. Os chistes están xerados a través da esaxeración ou deformación cunha actitude burlesca, ás veces distensiva e outras abertamente satírica, na que está presente a Igrexa como estamento a escanir. Son correntes tamén os xuízos xerais, as fixacións de experiencias, os asertos expresados con sobriedade e sinxeleza. Xoias, en definitiva, que enriquecen o acervo cultural e literario dun pobo.

PISÓN,
Xesús/LORENZO,
Manuel/FERREIRA, Isaac,
Contos do Valadouro, Ed. do
Castro, Sada, 2006, 166
páxinas